



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA TRINTA E UN DE XANEIRO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
Dª. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta e un de xaneiro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día quince de xaneiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 201200000001637 de don José Manuel González Picón.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar situada en Sales, en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; núm. Plantas S+B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don José A. Hernando Esquerre cun orzamento de 111.808,95 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construirase de acordo co proxecto presentado e en cumprimento do artigo 104 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona, debendo darlle continuidade aos acabados na zona fachada existente e na ampliación.

2º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos (68,00 m²).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil douscentos trinta e seis euros con dezaoito céntimos (#2.236,18#)

2.2.-Instancia núm. 201200000001759 de dona Mercedes Barco Paz.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Trobe, solicita licenza para a construcción dunha fosa séptica para uso de cafetería no lugar de Trobe.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construirase a unha distancia maior de 3 m dos lindeiros; o sistema garantirá o seu tratamento para a súa posterior decantación e filtración ao terreo polo pozo filtrante e deberá axustarse ás condicións da autorización de Augas de Galicia.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.3.- Instancia núm. 201300000000076 de don José Ramón Vázquez Sande.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a rehabilitación de vivenda, de aproximadamente 90 m² en planta, consistente en cambiar a tella existente, situada en Calzande.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; as obras non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. Ademais de acordo co establecido na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e sete euros con corenta e seis céntimos (#67,46#).

2.4.- Instancia núm. 201200000001698 de don José Manuel Mougán Sobredo.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para proceder á parcelación da finca núm. 112 da zona de concentración parcelaria de Vilanova - Merín, situada en Cumbraos, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2) , en dúas parcelas resultantes, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Jesús Estévez Loureiro.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais, xa ingresadas na tesourería municipal, que ascendan á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



2.5.- Instancia núm. 201200000001678 de don Rafael Vázquez Teo.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, expón que a Xunta de Goberno lle concedeu licenza para a construcción dunha vivenda unifamiliar en Paradela nº 76, (San Xián de Sales), (licenza número 85/2006), e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros, xa ingresadas nas arcas municipais.

2.6.- Instancia núm. 201200000001112 de don Basilio Torres Vázquez.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a reforma de vivenda substituíndo a tella existente , situada no lugar de Reboreda –Ponte Ulla, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. En cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e de acordo co artigo 3 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

3º.- Acordo, se procede, sobre declaración de incursión en situación de fóra de ordenación total de edificacións dedicadas a nave para taller mecánico en San Andrés de Illobre.

3.1.- Instancia núm. 20120000000543 de don Antonio Mosteiro Torres.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total dunhas edificacións dedicadas a nave para taller mecánico sitas en Viñogrande nº 18, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo enxeñeiro técnico agrícola don José M. Pena Alonso.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total das edificacións situadas no número 18 do lugar de Viñogrande , nos termos da



documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de seiscentos nove euros con setenta e nove céntimos (#609,79#)

4º.- Acordo, se procede, sobre cambio de titularidade de café -bar en Vedra.

Vista a solicitude presentada por dona Isaura Martínez Mejuto, para transmisión da titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a Café-bar, sito en Pousada de Abaixo (Vedra), neste termo municipal, a favor de dona M^a Ofelia Fernández Calvelo.

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 25/11/2008, tendo en conta que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que, no seu día, determinaron a concesión da licenza.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de douscentos corenta euros con corenta céntimos (#240,40#) xa ingresada nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, á transmitinte e á adquirente.

5º.- Certificacións de obras

5.1.- Certificación núm. 1 e final da obra de *Ampliación da rede de abastecemento en A Gándara (código 12.2100.0218.0)*

Dáse conta da certificación núm. 1 e final da obra *Ampliación da rede de abastecemento en A Gándara (12.2100.0218.0)*, incluída no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2012) e máis da factura núm. 14-13 da empresa adxudicataria da mesma, Construcciones Boqueixón, S.L, por importe de setenta e sete mil sesenta e sete euros con cincuenta céntimos (#77.067,50#), sendo a directora da obra a arquitecta técnica dona Clara Lema Rodríguez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e a factura polos traballos relacionados na mesma.

6º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas e gastos:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



| Núm. Factura | Provedor/Acreedor | Importe | Descripción |
|----------------|--------------------------------------|------------|---|
| 1 | Encontros coa Fantasía | 250,00 € | Actuación dentro da rede cultural da Deputación 2012 |
| 35 | Moreno Hermida Irma | 1.652,00 € | Actuación dentro da rede cultural da Deputación 2012 |
| 12/16 | Freiría Suárez, José María | 3.795,13 € | Servizos de limpeza mes decembro 2012 |
| VD 12/2012 | Ana Naya Garcia. S.L. | 6.172,30 € | Servizo gardería na escola infantil mes decembro 2012 |
| 8-20.677.342-F | Seguros Catalana de Occidente, SA | 90,00 € | Póliza seguro anual tractor John Deere E2564BDT |
| 1 | Grupo Acofide, SC | 5.974,38 € | Xestión do polideportivo municipal mes decembro 2012 |
| 221.212 | Bushi - Kai Alvela | 471,90 € | Clases de karate mes decembro 2012 |
| 12PA/00315 | Toldos Gomez, S.L. | 85,91 € | Bandeira de España para mastro con escudo |
| 208.024 | Papelería Ledoira, S.L. | 226,88 € | Papel para fotocopiadora A4 subministrado en decembro |
| S12/149591 | La Voz de Galicia, S.A. | 32,00 € | Subscripción a <i>La Voz de Galicia</i> mes decembro 2012 |
| 81 | Librería Avenida-Rosa Mª Pérez Sande | 35,71 € | Materiais para actividades na casa da 3ª Idade |
| 82 | Librería Avenida-Rosa Mª Pérez Sande | 68,75 € | Materiais para o programa de educación familiar |
| 83 | Librería Avenida-Rosa Mª Pérez Sande | 12,37 € | Materiais para a actividade curso de inglés |
| 559 | Drogería-Ferretería El Sol, SL | 67,45 € | Materiais para entorno do parque infantil de Santa Cruz |
| 32.110.063 | Automóviles Louzao, S.A.U. | 550,86 € | Revisión camión recollida do lixo en decembro 2012 |
| | | | |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



| | | | |
|----------------|--------------------------|------------|---|
| 431 | Viajes Peillet S.L. | 385,00 € | Servizo autobús para viaxe da 3ª Idade a Ourense, con achegas dos participantes |
| M 201.075 | Editorial Compostela, SA | 307,63 € | Concerto publicitario ano 2012 mes decembro |
| 32 9183 | Ulla-Oil S. L. | 1.412,32 € | Gasóleo B para tractores servido en decembro |
| 33 48 | Ulla-Oil S. L. | 386,65 € | Gasóleo C para casa consistorial servido en xaneiro |
| 10 | Sociser Galicia, S.L. | 4.767,09 € | Servizo asistencia a domicilio mes decembro 2012 |
| 3308575/01 | Editorial Compostela, SA | 41,00 € | Subscrepción a <i>El Correo Gallego</i> mes xaneiro |
| 1301C0386715 | Securitas Direct S.A. | 234,10 € | Mantemento alarma casa consistorial no 1T/2013 |
| 1301C0390483 | Securitas Direct S.A. | 151,81 € | Mantemento alarma oficina turismo no 1T/2013 |
| 1301C0397676 | Securitas Direct S.A. | 166,04 € | Mantemento alarma casa 3ª Idade 1T/2013 |
| 1301C0440186 | Securitas Direct S.A. | 169,19 € | Mantemento alarma biblioteca 1T/2013 |
| 89.461.030.002 | DTS, SA (Digital +) | 26,56 € | Servizo TDT e Canal + na casa 3ª Idade mes xaneiro |
| 12-1548 | Puente Ulla S.L. | 1.529,67 € | Gasóleo para camión recollida do lixo en decembro |
| 12-1547 | Puente Ulla S.L. | 31,01 € | Gasolina para maquinaria brigada verde en decembro 2012 |
| 12-1543 | Puente Ulla S.L. | 188,27 € | Gasóleo B para tractores subministrado en decembro 2012 |
| 213/3 | Alquimao S.L. | 401,19 € | Canóns de calor para actividade Rastriño 2012 |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



| | | | |
|------------|----------------------------------|------------|---|
| 09/12 | Fundación Refuxio de Animais | 3.072,13 € | Cota e acollida 11 cans no 3º cuadrimestre 2012 |
| 66 | Camino Bouzón, Miguel Ángel | 101,64 € | Traballos realizados na casa consistorial, na da 3ª Idade e na ludoteca |
| 65 | Camino Bouzón, Miguel Ángel | 1.154,34 € | Traballos realizados na traída de augas de San Fins |
| 0621/E12 | Talleres San Fins S.L. | 75,41 € | Reparación desmalezadora brigada verde en decembro de 2012 |
| 0675/E12 | Talleres San Fins S.L. | 355,74 € | Reparación do tractor Lamborghini en decembro 2012 |
| 0676/E12 | Talleres San Fins S.L. | 268,04 € | Reparación e ITV vehículo brigada obras en decembro 2012 |
| 0677/E12 | Talleres San Fins S.L. | 211,04 € | Reparación da retroexcavadora Fiat en decembro 2012 |
| 679/E12 | Talleres San Fins S.L. | 427,49 € | Reparacións desmalezadora avanzada en decembro 2012 |
| 678/E12 | Talleres San Fins S.L. | 327,97 € | Reparación desmalezadora brigada verde en decembro 2012 |
| 106/12 | Reparaciones Sinde , S.L. | 303,83 € | Reparación camión recollida do lixo en decembro de 2012 |
| 96.007.886 | Fornecementos Galegos, SL (Foga) | 2.717,87 € | Fotocopias máquina planta baixa meses nov-dec/2012 |
| 2 | Grupo Acofide, SC | 845,19 € | Subministro material deportivo (tatami e balóns) |
| 3 | Grupo Acofide, SC | 3.388,00 € | Suministro material deportivo (cinta de correr motorizada) |
| 4 | Grupo Acofide, SC | 2.036,42 € | Subministro material deportivo de canastras de baloncesto |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



| | | | |
|---------------|-----------------------------------|------------|--|
| 5 | Grupo Acofide, SC | 665,50 € | Subministro material deportivo (dúas bicicletas) |
| 01/C-03/2013 | Sánchez Lojo, Delio | 302,50 € | Clases de debuxo e pintura mes xaneiro |
| 15 | Sociser Galicia, S.L. | 9.965,72 € | Horas SAF dependencia mes decembro 2012 |
| W108855 | Ricoh España, SLU | 94,38 € | Fotocopias máquinas da oficina xeral meses outubro-decembro/2012 |
| 12/01099 | Sapa-Contenedores y Servicios, SL | 369,15 € | Servizos prestados no punto limpo en decembro |
| 4.001.048.755 | S. E. Correos y Telégrafos S.A. | 355,14 € | Servizo de franqueo pagado mes decembro/2012 |
| 33 158 | Ulla-Oil S. L. | 528,00 € | Gasóleo C para casa consistorial servido en xaneiro |
| 137 | García Carbia, S.L. | 36,24 € | Produtos para a escola de San Miguel |
| 136 | García García, S.C. | 171,36 € | Produtos para Protección Civil e outros en decembro |
| 138 | García García, S.C. | 218,71 € | Materiais e produtos para casa 3ª Idade en decembro |
| 133 | García García, S.C. | 401,84 € | Materiais para beirarrúas de Ponte Ulla e parques |
| 134 | García García, S.C. | 1.351,46 € | Materiais para obra na escola de San Fins e outros |
| 1/2013 | Fermín González Blanco, S.L. | 1.391,50 € | Asistencia técnica para Parque Empresarial ano 2012 |
| 1F/2013 | González Blanco J. Fermín | 3.687,69 € | Asistencia técnica urbanística municipal durante o ano 2012 |
| 32.110.291 | Automóviles Louzao, S.A.U. | 126,06 € | Revisión camión recollida do lixo en xaneiro |
| | | | |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



| | | | |
|-------------------|--|------------|---|
| 383/2012 | Talleres y Repuestos Barco S.L. | 183,44 € | Produtos para mantemento dos tractores en decembro/2012 |
| 950/158115 | Initial Textiles e Higiene, SL | 255,43 € | Unidades hixiénicas para casa concello e gardería período 1SEM/2013 |
| 2012/3439 | Sogama S. A. | 7.983,14 € | Tratamento de residuos mes decembro 2012 |
| 97.000.029 | Fornecementos Galegos, SL (Foga) | 95,12 € | Gastos de xestión por devolución recibo fra. 96007886/2012 |
| A00020992 | MRW (Transportes) - Campos & Costas S.L. | 27,95 € | Servizos prestados no mes de decembro/2012 |
| 3.121.110.411.024 | Unión Fenosa Comercial, S.L. | 427,35 € | Subministro a casa consistorial mes novembro/2012 |
| 3.121.110.416.573 | Unión Fenosa Comercial, S.L. | 33,29 € | Subministro estación bombeo de Paradela mes nov/12 |
| 3.121.210.146.876 | Unión Fenosa Comercial, S.L. | 493,88 € | Subministro a depuradora de Calzande mes nov/2012 |
| 3.121.110.418.667 | Unión Fenosa Comercial, S.L. | 253,56 € | Subministro a gardería mes novembro/2012 |
| 3.121.110.413.435 | Unión Fenosa Comercial, S.L. | 1.402,72 € | Subministro ao CPI de Vedra mes novembro/2012 |
| 12/2012 | Unión Fenosa Comercial, S.L. | 1.761,57 € | Subministro a 5 alumeados públicos mes nov./2012 |
| 1.121.112.868.085 | Gas Natural, SA | 62,94 € | Subministro a oficina turismo mes nov/12 (estimado) |
| 1.121.210.133.456 | Gas Natural, SA | 138,27 € | Subministro a Reitoral de Ponte Ulla mes nov./2012 |
| 1.121.112.779.885 | Gas Natural, SA | 272,53 € | Subministro a ludoteca mes novembro/2012 |
| 12/2012 | Gas Natural, SA | 370,74 € | Subministro a centros de saúde mes |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



| | | | |
|-----------------------|-------------------------------------|----------|--|
| | | | novembro/2012 |
| 1.121.112.740. 460 | Gas Natural, SA | 51,71 € | Subministro a nave de Trobe mes novembro/2012 |
| 12/2012 | Gas Natural, SA | 635,95 € | 11 fras. por subministro a escolas e outros mes nov./2012 |
| 1.121.112.723. 563 | Gas Natural, SA | 207,48 € | Subministro ao punto limpo mes novembro/2012 |
| 1.121.112.884. 520 | Gas Natural, SA | 8,99 € | Subministro a estación bombeo de Socastro mes nov./2012 |
| 12/2012 | Gas Natural, SA | 577,95 € | 9 fras. por subministro a edificios culturais mes nov/12 |
| 20.131.289 | Dapp Publicaciones Juridicas, SL | 203,84 € | Renovación 2013/2014 da subscrição <i>online</i> a <i>Control e Fiscalización do Orzamento</i> |
| 20.131.290 | Dapp Publicaciones Juridicas, SL | 145,60 € | Renovación 2013/2014 da subscrição <i>online</i> a <i>Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira</i> |
| 2 | Fundación Cultural da Estrada | 121,00 € | Realización e mantemento da páxina www.xeneraisdaulla.com |
| 466.301.324 | Mapfre Seguros de Empresas | 374,51 € | Seguro anual de responsabilidade civil polos locais da estación tren de Santa Cruz |
| 11V4307 | Regueiro y Piccoli, SC | 314,60 € | Dereitos do procedemento núm. 31/2011 por contencioso- administrativo urbanismo |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



| | | | |
|---------------------|--|----------------|--|
| TA468004426 3 | Telefónica de España, SAU-Movistar | 22,16 € | Fra. xaneiro por servizo telefonía fixa na sede de Protección Civil |
| F-019/2012 | Carrillo Domínguez, Severo | 1.579,36 € | Produtos para atencións protocolarias en dec/2012 (Alcaldes de Barrio) |
| 9.161 | Acredores diversos | 23,51 € | Tícket de E/City por produtos para o servizo de madrugadores |
| 2.713 | Acredores diversos | 39,61 € | Tícket de E/City por produtos para o servizo de madrugadores |
| 01-002701 | Acredores diversos | 20,27 € | Tícket de Froiz por produtos para o servizo de madrugadores |
| 13-A/1651 | Sistemas de Seguridade A-1, SL | 593,96 € | Mantenemento alarma museo Paz Camps ano 2013 |
| FRO20130384 059 | S. E. Correos y Telégrafos S.A. | 180,00 € | Envío calendarios municipais 2013 a Arxentina |
| 01/2013 | Telefónica de España, SAU-Movistar | 842,09 € | 12 fras. de xaneiro polos servizos de telefonía fixa |
| 151213FS0003 535 | Supervisión y Control, S.A. | 58,30 € | Itv do vehículo contra incendios Bull 1106FZZ feita en xaneiro |
| 01-13 | Maderas Jesus Aparicio Granja | 145,20 € | Materiais para obra no local parroquial de Trobe |
| 12/2012 | Gas Natural, SA | 15.404,89 € | Subministro alumeados públicos mes dec./2012 |
| 1.300.788 | Proel Ascensores, S.L. | 231,44 € | Mantenemento ascensor do CPI de Vedra en 1T/2012 |
| 001/13 | Vilarpiñeiro, S.L. | 2.190,10 € | Subministro de 59 cadernos de <i>Los Caminos a Santiago</i> |
| 172 | Iglesias Rodríguez Juan Carlos - Fontanería | 190,26 € | Traballos na casa de cultura e no campo |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



| | | | |
|-------------------|---------------------------------|-------------|---|
| | | | fútbol de Santa Cruz |
| 3.115.032.898.615 | Halcourier Coruña, S.L. | 10,40 € | Servizo imprenta Deputación Coruña-Vedra en xaneiro |
| 28-B382-037728 | Telefónica Móviles España, S.A. | 354,98 € | Fra. de xaneiro polos servizos de telefonía móvil |
| VD 01/2013 | Ana Naya García. S.L. | 6.172,30 € | Servizo de gardería en escola infantil mes xaneiro |
| 1 | Suárez Barreiro Pilar | 1.314,87 € | Atención - mantemento do albergue mes xaneiro |
| 154 | Banda Música Santa Cruz | 9.000,00 € | Nove actuacións parroquiais durante 2012 |
| Rec. 469324140 | Mapfre Seguros de Empresas | 9.084,64 € | Póliza do seguro anual de responsabilidade civil |
| 466 | Sociser Galicia, S.L. | 10.175,09 € | Horas SAF dependencia mes novembro 2012 |
| TI13E1101859 0803 | Federación Galega de Ciclismo | 175,00 € | Taxa licenza federativa tempada 2013 do Club Olímpico de Vedra (Ruta BTT municipal) |
| | Acredores diversos | 225,83 € | Gastos do viaxe a Madrid efectuado pola Alcaldía para asistir a actos culturais (presentación de libro de dona Esperanza Lema e exposición) |
| | Acredores diversos | 194,00 € | Gastos do viaxe a Madrid efectuado pola Alcaldía para asistir ao Ministerio de Fomento a actos de promoción turística (Fitur 2013) |
| | Chavert García, María | 50,00 € | Axuda de custo e quilometraxe por |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



| | | | |
|--|-----------------------------|----------|---|
| | | | impartir charla sobre autoestima para a 3ª Idade en xaneiro |
| | Maceira Brea, Lidia | 51,00 € | Quilometraxe por voluntariado 3ª Idade meses abril a novembro de 2012 (impartir curso abelorios) |
| | González Martínez, Rocío | 338,80 € | Axudas de custo e quilometraxe por obradoiro de traballo corporal 3ª Idade en novembro e decembro 2012 |
| | Piñeiro Caldelas, Mª Jesús | 160,75 € | Quilometraxe meses outubro, novembro e decembro 2012 |
| | Pereiras Caldelas, Mercedes | 54,60 € | Indemnización e quilometraxe por asistencia a curso sobre SIGEM na Deputación da Coruña o día 10/01/2013 |
| | Amenal Junquera, Teresa | 18,90 € | Gastos por asistencia á presentación do proxecto <i>Modernización solicitude de licenzas de obra</i> (SIGEM) na Deputación da Coruña o día 22/01/2013 |
| | Lema Rodríguez, Clara | 51,60 € | Quilometraxe decembro/2012 e xaneiro/2013 e gastos por asistencia á presentación do proxecto <i>Modernización solicitude de licenzas de obra</i> (SIGEM) na Deputación da Coruña o día 22/01/2013 |
| | Sabio Sanz, Carmen A. | 53,20 € | Quilometraxe de |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



| | | | |
|--|--------------------------------|----------|---|
| | | | decembro de 2012 pola realización do programa de Educación Familiar |
| | Membros mesa selección persoal | 198,80 € | Indemnización aos componentes da mesa de selección dunha praza de Informático (Grupo II) o día 08/01/2013 |

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas e gastos.

7º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvencións á Deputación Provincial.

Dáse conta da convocatoria de subvencións da Deputación Provincial destinadas a concellos para actividades e investimentos durante o ano 2013 publicada no BOP núm. 239/12, do 17 de decembro.

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar subvencións para os seguintes programas:

| | PROGRAMA |
|---|--|
| DEPORTE | ACTIVIDADE XERAL |
| | INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO DEPORTIVO |
| CULTURA | ACTIVIDADE XERAL |
| | INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO CULTURAL |
| | ANIMADORES CULTURAIS |
| SERVIZOS SOCIAIS | MANTEMENTO (BÁSICO DE INSERC.SOCIAL) |
| | PROXECTOS DE ENVELLECIMENTO ACTIVO DAS PERSOAS MAIORES |
| PROMOCIÓN ECONÓMICA | ACTIVIDADE XERAL |
| | INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO |
| POLÍTICAS DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO | CONCILIACIÓN E RESPONSABILIDADE COMPARTIDAS |

8º.- Outros asuntos

8.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta do escrito núm. 97/13 no que don Lino Sánchez Mallo, con domicilio en San Fins de Sales, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 90%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumplir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

8.2.- Solicitud de axuda para situacions de emerxencia.

Dáse conta do escrito núm. 98/13 no que dona Aníbal Gabarre Álvarez, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita unha axuda para a cobertura de necesidades básicas.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda con cargo ao programa de emerxencia social por importe de seiscentos trinta e nove euros con un céntimos (#639,01#).

8.3.- Escrito núm. 201300000000077 do Concello de Boqueixón.

Dáse conta do citado escrito do Concello de Boqueixón remitindo os gastos derivados do funcionamento, mantemento, conservación e outros xerados na sede do Centro Rural Agrupado Vedra -Boqueixón durante o ano 2013, que ascenden á cantidade de tres mil cento setenta euros con cincuenta e cinco céntimos (#3.170,55#), asumidos por ámbolos dous concellos a partes iguais, polo que solicita que o concello de Vedra proceda a aboar a parte correspondente.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada liquidación.

8.4.- Autorización práctica de tiro de campo.

Dáse conta dos escritos presentados pola Asociación Galega de Tiro de Campo, representada por José L. Vascuas Martínez, con domicilio en Cimadevila, 22 (San Miguel de Sarandón), no que solicitan autorización para a práctica dese deporte na parcela 325 do polígono 506 do plano do catastro deste concello de Vedra. Presentan memoria de actividades, seguro de responsabilidade civil; tipo de armas que se van usar que serán da 4^a categoría.

Considerando a solicitude de interese deportivo e social, a Xunta de Goberno acorda autorizar o solicitado pola Asociación Galega de Tiro de Campo nos termos da documentación presentada, condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

1º.- As actividades desenvolveranse dentro do ámbito da parcela número 325 do polígono 506 do catastro deste concello.

2º.- A asociación adoptará tódalas medidas de seguridade precisas e, aínda que non se prevé, segundo manifestan, a caída de balotes a terreos próximos, darase traslado deste acordo aos titulares catastrais lindeiros coa mencionada parcela.

3º.- Todas as armas deberán cumplir o disposto no Regulamento de armas e serán da cuarta categoría.

4º.- Darase traslado deste acordo á Garda Civil, para o seu coñecemento e para os efectos legais oportunos.



5º.- A presente autorización terá validez durante un ano, a contar dende a data deste acordo, e deberá ser renovada, de ser o caso, pasado ese período.

8.5.- Autorizacións para por en funcionamento establecementos dedicados a furanchos.

8.5.1.- Instancia número 12/2013 de don Manuel Cabaleiro Tosar.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por Manuel Cabaleiro Tosar, para por en funcionamento un establecemento dedicado a *Furanco* no lugar de Ximonde (San Miguel de Sarandón).

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno resolve favorablemente sobre a conformidade do declarado e nos termos da documentación presentada, e así mesmo que:

1º.- O período de apertura do furanco será dende 01/02/2013 ate 1/05/2013.

2º.- As tapas que se sirvan escolleranse das que sinala o Anexo I do decreto 215/2012, do 31 de outubro.

3º.- Procederase á inscripción do establecemento no rexistro municipal creado a tal fin e darase traslado deste acordo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

4º.- Deberá comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte acompañando a seguinte documentación:

-Renovación do seguro de responsabilidade civil.

-Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obligatorias do viño.

-Análise do viño da nova tempada.

8.5.2.- Instancia número 19/2013 de dona Delia Carreira González.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por Delia Carreira González, para por en funcionamento un establecemento dedicado a *Furanco* no lugar de Ximonde (San Miguel de Sarandón).

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno resolve favorablemente sobre a conformidade do declarado e nos termos da documentación presentada, e así mesmo que:

1º.- O período de apertura do furanco será dende 15/03/2013 ate 15/06/2013.

2º.- As tapas que se sirvan escolleranse das que sinala o Anexo I do decreto 215/2012, do 31 de outubro.

3º.- Procederase á inscripción do establecemento no rexistro municipal creado a tal fin e darase traslado deste acuerdo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



4º.- Deberá comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte acompañando a seguinte documentación:

- Renovación do seguro de responsabilidade civil.
- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracíons obligatorias do viño.
- Análise do viño da nova tempada.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta minutos.